

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

28 de setembro de 2017

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas do día vinte e oito de setembro de dous mil dezasete; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ, SR. DON ÁNGEL TRABADA GÓMEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e catro concelleiros de feito dos vinte e cinco de dereito (vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito), incluída a presidenta.

Non asiste SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO e incorpórase á sesión, no asunto número 2/152, DONA MARÍA VICTORIA ESTEBAN RIESCO, unha vez que toma posesión do seu cargo de concelleira.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.



Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/151 **ACTA ANTERIOR**.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2017.

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

2/152 **TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARÍA VICTORIA ESTEBAN RIESCO COMO CONCELLEIRA DESTA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

INTERVENCIÓN

3/153 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter F/2017.-** O Excmo. Concello Pleno, **ACORDA** REXEITAR a proposta da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, anteriormente transcrita.

4/154 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter I bis/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **82.641,94€**, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	FACTURA	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
19030	B33341967	CECHALVA SL	19	13300.22799	42.385,39	--
24016	B33341967	CECHALVA SL	21	13300.22799	40.256,55	--
					82.641,94	--
TOTALES					82.641,94	

5/155 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter N/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 8.200,00 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
--------	---------	-----------	------	------------	---------	----------



FACTURA			FACTURA			
19602	G27014018	ASOCIACION CULTURAL CANTIGAS FRORES E	13	33801.22699	8.200,00	--
					8.200	--
TOTALES						8.200

6/156 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter P/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 1.210,00 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO			NÚM.			
FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	FACTURA	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
R063435/16	G70319116	FUNDACION PRAZA PUBLICA	114/2016	91201.22602	1.210,00	--
					1.210	--
TOTALES						1.210

7/157 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter Q/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación da obriga seguinte incorporada ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 1.452,00 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO			NÚM.			
FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	FACTURA	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
R066785/16	B27290667	XESTION DE MONTAXES ANCARES SL	16331	33801.22699	1.452,00	--
					1.452	--
TOTALES						1.452

8/158 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter R/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación da obriga seguinte incorporada ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 847,00 euros, segundo a seguinte táboa:



CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
19038	B15898661	PORTAL LITERARIO SL	255	33801.22699	847	--
					847	--
TOTALES						847,00

9/159 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter S/2017.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 2.450,25 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
R065022/16	A27019710	RADIO LUGO SA	001-01-00853	91201.22602	1.197,90	--
R065025/16	A27019710	RADIO LUGO SA	001-01-00844	33801.22699	1.252,35	--
					2.450,25	--
TOTALES						2.450,25

10/160 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter T/2017.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 4.500,00 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
R068541/16	G27449362	ASOCIACION CULTURAL LUGO ROCK	5	33801.22699	4.500,00	--
					4.500	--
TOTALES						4.500

11/161 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter U/2017.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación da obriga seguinte incorporada ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 450,00 euros, segundo a seguinte táboa:



CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
R000736/17	G27440411	ASOCIACION MUSICAL AMIGOS DE GUNTIN DE PALLARES	12	33000.22699	450	--
					450	--
TOTALES						450,00

12/16 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter V/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 2.178,00 euros, segundo a seguinte táboa:

IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2017: 2.178,00 euros
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 00,00 euros
IMPORTE TOTAL: 2.178,00 euros

13/163 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter W/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación da obriga seguinte incorporada ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 450,00 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
R070526/16	10811449T	GOMEZ*BRANCAL, DELFI N	14	33000.22699	450	--
					450,00	--
TOTALES						450,00

14/164 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2ter X/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 3.945,20 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
--------	---------	-----------	------	------------	---------	----------



FACTURA			FACTURA			
20307	B27266113	MULTISPORTSGALICIA SL	237	34100.22699	3.945,20	--
					3.945,2	--
TOTALES					3.945,2	--

15/165 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 6/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **4.593,58 €**, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO			NÚM.			
FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	FACTURA	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
24911	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	8500001432	32382.22799	4.593,58	--
					4.593,58	--
TOTALES					4.593,58	--

16/166 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 7/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito de facturas relacionadas no Anexo con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **190.783,14 euros**

IMPORTE TOTAL: 190.783,14 euros
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2017: 190.278,54 euros
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 504,60 euros

CULTURA

17/167 **RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 17008121 DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN, DO 20 DE SETEMBRO DE 2017, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2018.-** O Excmo. Concello Pleno, pola unanimidade dos vinte e catro membros presentes na sesión, con base na referida proposta, **ACORDA RATIFICAR** o Decreto número 17008121, do 20 de setembro de 2017, que, a seguir, se transcribe:

“DECRETO NÚM. 17008121 DO 20/09/2017
Ilma. Sra. Dona Mª del Carmen Basadre Vázquez, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.



Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2018. Vista a proposta da Sección de Cultura, obrante no expediente, na parte expositiva do mesmo faise consta-lo seguinte:

“Que tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de carnaval e o día de San Froilán.- E que á vista do prazo que sinala a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar Social, entende que como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio de Lugo, o día 13 de febreiro-martes de carnaval- e o día 5 de outubro-San Froilán- para o ano 2018, e someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno”.

No uso das atribucións conferidas ao Alcalde no artigo 21.1 da lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e segundo o Decreto 15005366 do 6 de xullo de 2015.

RESOLVO:

1º.- Propoñer á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2018:

- 13 de febreiro (martes de entroido)

- 5 de outubro (San Froilán).

2º.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación. Cúmprase”.

PROPOSICIÓNS

18/168 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 306/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUN APARCADOIRO NO PASEO DO MIÑO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Goberno municipal a que leve a cabo os trámites necesarios para estudar a mellor localización e posterior construción dun aparcadoiro no entorno da Ponte Vella no Paseo do Miño, dentro da estratexia DUSI.

19/169 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 307/2017 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A SITUACIÓN DAS NOVAS LIÑAS DE BUSES URBANOS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** convocar en menos de 15 días naturais, comezando a contar dende o momento que se aprobe este acordo plenario, unha xuntanza cos grupos da oposición para tratar a situación na que quedarán as novas liñas de autobuses.

20/170 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 313/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN AMBIENTAL.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas, coa redacción dada pola emenda aceptada e, en consecuencia **ACORDA**:



PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Municipal a impulsar a actualización da Ordenanza municipal específica de protección animal, tendo en conta o que será o novo marco normativo e a participación de colectivos, institucións e entidades ademais dos grupos políticos, e que se recollan os acordos plenarios tomados pola corporación nesta materia no prazo de seis meses.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Municipal a artellar as medidas necesarias para garantir o apoio técnico e económico ás asociacións locais de protección e defensa dos animais para que poidan desenvolver a súa labor altruísta con garantías.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a dotar orzamentariamente as políticas públicas de benestar e protección animal, apoiando tamén económica e tecnicamente ás entidades protectoras e colectivos animalistas.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galicia a incluír a prohibición de calquera espectáculo taurino e de calquera espectáculo circense no que interveñan animais, con independencia da especie á que pertencen.

21/171 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 320/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á INCORPORACIÓN DO PAZO DE MEIRÁS AO PATRIMONIO PÚBLICO E Á SALVAGARDA DA MEMORIA HISTÓRICA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Manifestar publicamente e por escrito a adhesión do Concello de Lugo ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Sada o pasado 12 de agosto.

SEGUNDO.- Respalda, participar e impulsar, dentro das competencias que lle corresponden ao Concello de Lugo, as iniciativas que se desenvolvan para garantir o cumprimento do acordado e a consecución dos seus obxectivos.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia, así como aos poderes do Estado, a que dean efectivo cumprimento ao acordo referenciado no apartado 1 dentro do seu réxime competencial establecido.

CUARTO.- Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais do Estado, Deputación Provincial, así como ao Goberno do Estado.

QUINTO.- Declarar a familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas no Concello de LUGO.



SEXTO.- Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador.

SÉPTIMO.- Instar á Xunta de Galicia á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

22/172 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 345/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA MESA DE TRABALLO PARA RECUPERAR O BARRIO DE A TINERÍA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** constituír no prazo de dous meses unha Mesa de Traballo co obxecto de impulsar a dinamización do barrio da Tinería, integrada polas forzas políticas con representación na Corporación Municipal, representantes da Xunta de Galicia e da Subdelegación do Goberno, así como das asociacións veciñais e empresarias do ámbito municipal de Lugo que teñan intereses no barrio, e establecendo de forma expresa a periodicidade das súas convocatorias.

23/173 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 349/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CONVOCATORIA DUN CONCURSO DE IDEAS PARA DESEÑAR UN ELEMENTO ESCULTÓRICO NA PRAZA PÍO XII.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao equipo de goberno a que inicie os trámites para convocar un concurso de ideas para deseñar un elemento escultórico que se sitúe na Praza Pío XII, que visualice e poña en valor a concentración neste punto dos tres Bens Patrimonio da Humanidade, como son a Muralla Romana, a Catedral e o Camiño Primitivo, e darlle traslado á Xunta de Galicia e ao Obispado de Lugo.

24/174 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 350/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA A ACADAR UNHAS FESTAS LOCAIS LIBRES DE AGRESIÓNS SEXISTAS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** que o Concello de Lugo, en colaboración con outros colectivos sociais, deseñe e poña en marcha unha campaña municipal para acadar unhas festas locais libres de agresións sexistas.

25/175 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 351/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A IMPLANTACIÓN EFECTIVA E PERMANENTE DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- A elaboración e aprobación dun regulamento municipal de organización e funcionamento dos Orzamentos Participativos (en consonancia coa reforma do Regulamento de Participación Cidadá aprobada por este Pleno), co obxectivo da implantación efectiva e permanente dos mesmos dende os vindeiros Orzamentos Municipais, que deberá cumprir os seguintes requisitos mínimos:



- Establecemento duns criterios claros que permitan valorar cuantitativa e cualitativamente o cumprimento dos obxectivos e proxectos. Tanto na súa elaboración como no seu seguimento e execución atenderáse a unha metodoloxía con obxectivos, períodos e recursos específicos.

- Emprego complementario e ben regulado das plataformas dixitais homologadas para uso institucional e público, para asegurar a limpeza dos procesos de votación e que non se limite a unha participación virtual e reducida. Garantir un mínimo de sesións presenciais e asemblearias de información, debate, proposta e votación.

- Garantir o equilibrio entre os distintos barrios e núcleos de poboación do termo municipal, priorizando a inversión nas zonas infradotadas e máis desfavorecidas.

- Redistribución dos recursos en base a principios de solidariedade e xustiza social, atendendo á igualdade de xénero, criterios de accesibilidade, etc.

- Capacitación e sensibilización popular promovendo a corresponsabilidade nos asuntos públicos.

- Defensa do público.

- Dinamismo, ciclo anual mellorable e revisable.

- Proceso vinculante con rendición de contas da súa execución.

- Establecemento dunha porcentaxe mínima dos orzamentos para a partida participativa, para garantir que non se convirta en marxinal e residual.

SEGUNDO.- Habilitar unha partida orzamentaria nos próximos Orzamentos Municipais dedicada a posta en marcha de todo o sistema de funcionamento dos Orzamentos Participativos e á súa difusión e divulgación.

26/176 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 352/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** sumarse á reivindicación das organizacións sindicais UGT e CCOO na defensa dun sistema público de pensións que, por riba dos intereses do capital, garanta o mantemento do contrato social polo que se favorece a cohesión social e a distribución da riqueza.

27/177 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 353/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DO FINANCIAMENTO DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN URBANA DO CASCO HISTÓRICO E DO BARRIO DA MILAGROSA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar á Xunta de



Galicia e ao Ministerio de Fomento a que nas vindeiras bases de axudas á rehabilitación consideren a súa modificación de cara a mellorar a porcentaxe de financiamento por vivenda ou a cuantía máxima, tendo en conta que os edificios do casco histórico e do barrio da Milagrosa son de poucas vivendas.

28/178 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 354/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA SEGURIDADE CIDADÁ.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno do Estado a crear un Subgrupo de UPR, dotado como mínimo con 11 efectivos, dependente da Comisaría Provincial da Policía Nacional de Lugo.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno do Estado a incluír nos Orzamentos Xerais do Estado para 2018 as partidas necesarias para a construción de novas comisarías para a Policía Nacional en Lugo e en Monforte, así como para dotar a todos os axentes dos medios materiais necesarios para o axeitado desempeño das súas funcións.

B) PARTE DE INFORMACIÓBN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

29/179 DEUSE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2017.

ACTAS E GOBERNO

30/180 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 17 DE XULLO DE 2017, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.-

31/181 DEUSE CONTA DA INCORPORACIÓN DO CONCELLEIRO DON ÁNGEL TRABADA GÓMEZ AO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.

32/182 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17006864 DO 31 DE XULLO DE 2017, DE ASIGNACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL A DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.

33/183 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17006939 DO 2 DE AGOSTO DE 2017 RELATIVO Á DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NA COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO DO PLANEAMENTO.



34/184 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17006940 DO 2 DE AGOSTO DE 2017 RELATIVO Á DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NA COMISIÓN NON PERMANENTE EN DEFENSA DOS INTERESES DOS LUCENSES EN RELACIÓN COA UNIDADE DE ACTUACIÓN CS-5 E O SEU CONTORNO (GARAÑÓN).

35/185 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 1700007119 DO 7 DE AGOSTO DE 2017 DA NOVA ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR ÁS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS E ESPECIAIS DO PLENO.

36/186 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17007350 DO 23 DE AGOSTO DE 2017, DE ASIGNACIÓN DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA A DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.

COMPARECENCIAS

37/187 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA EN PLENO DO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 304/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA EXPLICAR POR QUÉ NON SE SOLICITARON AS AXUDAS DO ANO 2017 PARA AS ZONAS DECLARADAS COMO ARI.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, indicándolle que a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

38/188 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA EN PLENO DO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 321/2017 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN Á PRAIA FLUVIAL.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, DON XOSÉ DANIEL



PIÑEIRO VILLARES, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, indicándolle que a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

39/189 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA EN PLENO DO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 328/2017 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA FÁBRICA DA LUZ.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, indicándolle que a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

- A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 319/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE SOLICITE Á XUNTA DE GALICIA A MODIFICACIÓN DOS HORARIOS DA LIÑA DE AUTOBÚS ENTRE LUGO E PALAS DE REI.
- B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 327/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RETIRE O SEMÁFORO EXISTENTE NA PRAZA DE SANTO DOMINGO.
- C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 355/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO "SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL EN LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO".-

DECLARACIÓNS INTITUCIONAIS



- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO Á PERMANENCIA DA FILOSOFÍA
NO ENSINO.

